

OBRADOIRO DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

“A ruta da auga na miña comarca”



O Coñecemento e Interacción co mundo físico traballarase:

Descritor da Competencia	Nivel que se quere acadar
Identificar preguntas e problemas.	Plantexa unha ampla gama de preguntas ou problemas sobre situacións globais e universais.
Realizar unha investigación.	Realiza unha investigación completa de acordo á hipótese plantexada.
Tomar decisións con destreza sobre o mundo físico e sobre a influencia da actividade humana con espírito crítico.	Analiza a probabilidade e a importancia das consecuencias, tendo en conta os criterios de sostenibilidade ou a calidade da vida das persoas ou o consumo racional e responsable, e toma a decisión máis axeitada.
Analizar información científica mediante a análise de partes e todo.	Recolle a interrelación das partes para facer do todo o que é.
Comprende, planifica e manexa procesos e solucións técnicas.	Comprende e realiza procesos técnicos. Planifica e realiza o proxecto que soluciona o problema plantexado.

A ruta da auga na miña comarca”

- Recollendo información sobre o encoro.**
 - Como sabes, a preocupación polos recursos hídricos xa se manifestou fai varias décadas, poderías concretar cantas décadas fai e en que documento quedou recollido?. Douche unha pista, foi promulgado polo Consello de Europa o 6 de maio de 19.....
 - A xestión da auga realízase a diferentes niveis e escalas, indica cales.
 - Realiza un esquema/resumo sobre a natureza que se pode atopar no encoro de Cecebre-Abegondo. Deberás incluír aves, árbores e outros seres vivos; con referencias e fotos.
 - Deberás buscar información sobre a potabilizadora de A Telva (<http://www.coruna.es/medioambiente/03020305plant.jsp>, déixoch e un enlace, deberás buscar outro); unha vez tes a información, terás que contarnos:
 - Cal é o primeiro proceso polo que pasa a auga en A Telva unha vez foi recollida do río?.
 - Explica o que é a floculación e pon un exemplo.
 - Por que é preciso que leve cloro a auga?.
- Webquest:**
 - Deberás responder ás preguntas que alí aparecen.
- Deseño/maqueta do encoro Cecebre-Abegondo:**
 - Unha vez que xa tes toda a información sobre o encoro, pasaremos a facer unha maqueta en 3D. Os pasos serán os seguintes:
 - Recompilar información cartográfica sobre a zona (para isto contarás coa axuda do mestre de Ed. Física, Miguel Cambor):
 - Terás 2 sesións para asentir as bases cartográficas (tanto en 2D como en 3D) onde tratarás en todo momento de aprender a extraer toda a información por tí mesma. Aprenderás:
 - Que é un mapa.
 - Análise e comparacións entre plano e realidade.
 - Escalas.
 - 2D/3D, curvas de nivel.
 - Extracción de información cartográfica da web.

Realizar unha maqueta en plastilina de cores, respectando as proporcións (a escala).

A competencia Matemática traballarase:



Descritor da Competencia	Nivel que se quere acadar
Identificar o problema.	Sabe identificar o obxectivo do problema e localiza os datos expresándoos con claridade e rigor..
Ler, interpretar, organizar e presentar información de forma matemática.	Le, interpreta, organiza e presenta a información de forma matemática aplicándoa a diferentes contextos e materias.
Realizar estudos estatísticos.	Recolle, organiza e sabe interpretar os datos estatísticos.

O Tratamento de Información e Competencia Dixital traballarase a través dunha webquest, onde os descritores e nivel que se quere acadar serán:

Descritor da Competencia	Nivel que se quere acadar
Acceder á información utilizando técnicas e estratexias específicas.	Combina técnicas e estratexias específicas para seleccionar a información dunha maneira crítica.
Aplicar en distintas situacións e contextos os diferentes tipos de información.	É capaz de resolver de maneira autónoma problemas en diferentes situacións e contextos utilizando os diferentes tipos de información e recursos.
Dominar e aplicar en distintas situacións e contextos, linguaxes específicas básicas: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora.	Combina diferentes linguaxes TIC para obter un produto propio, creativo e en diferentes situacións.
Chegar a ser unha persoa eficaz, responsable, crítica e reflexiva, ao seleccionar e tratar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas, para xerar producións responsables e creativas.	Amosa a súa eficacia e responsabilidade seleccionando e tratando a información de xeito crítico e reflexivo para xerar producións creativas.

AVALIACIÓN GLOBAL DO PROXECTO

- Fai uso doutros materiais (revistas, libros...) para o traballo proposto.
- Axústase ao proposto nas actividades.
- É capaz de amosar a súa eficacia e responsabilidade seleccionando e tratando a información de xeito crítico e reflexivo para xerar producións creativas.
- É quen de utilizar e reelaborar información para un uso específico.
Realiza unha comprensión e interpretación de maneira crítica sobre calquera tipo de texto, mapa cartográfico...



FOTOGRAFÍAS DO PROXECTO FINAL

